

A portrait of Marcial del Adalid, a man with a full dark beard and glasses, wearing a dark suit and a white shirt with a dark bow tie. The background behind him is dark blue with yellow diagonal lines in the top left corner.

MARCIAL DEL ADALID

Piano a catro mans

A CULTURA É UN DEREITO

CICLO DE CONCERTOS

**Homenaxe no bicentenario
do seu nacemento**

(A Coruña, 1826–Oleiros, 1881)

—

DÚO SCARAMOUCHE

Javier Ares Espiño, *piano*
Jorge Briones Martínez, *piano*



Deputación
DA CORUÑA



A idea de divulgar e aproximar ao público a creación musical dun compositor galego do Romanticismo está presente en todo este proxecto de homenaxe a Marcial del Adalid neste ano no que se celebra o bicentenario do seu nacemento. É por este motivo polo que a Deputación da Coruña organiza un ciclo de concertos no ano 2026 onde se mostra integramente a música para piano a catro mans, unha parte esencial da produción musical do compositor.

Os pianistas encargados da interpretación neste proxecto son Javier Ares Espiño e Jorge Briones Martínez, Dúo Scaramouche, con sólidas traxectorias artísticas e consolidados como referentes na recuperación e posta en valor da música galega dos séculos XIX, XX e XXI.

DÚO SCARAMOUCHE





Retrato de Marcial del Adalid realizado por J. Cuevas.
Fonte: Real Academia Galega, RAG

—
Fonte: Marcial del Adalid.
Publicado o 13/9/2022 no Álbum de Galicia
(Consello da Cultura Galega).
Autoría: Laura Touriñán Morandeira
www.consellodacultura.gal
/album-de-galicia
/detalle.php?persoa=1065

MARCIAL DEL ADALID

(A Coruña, 24/8/1826–Oleiros, 16/10/1881)

De Lóngora para Europa: precursor na procura do son de Galicia na música académica

De orixe burguesa e enmarcado no Romanticismo centroeuropeo, Marcial del Adalid foi un músico decimonónico galego, de formación europea e autor de composicións acordes coas tendencias estilísticas imperantes na súa época, mais baixo un selo propio e distintivo, que lle outorgou, xa dende o século XIX, un lugar destacado na Historia da Música Española e Galega.

Nace na cidade da Coruña o 24 de agosto de 1826 e foi bautizado ao día seguinte polo rito católico, recibindo o nome de Marcial Francisco Juan Bartolomé del Adalid y Gurrea. Foi o terceiro dos cinco fillos nados do matrimonio entre Francisco del Adalid y Loredó (1792–1855) e Josefa Gurrea Carbonell (1804–1836), pertencentes á alta burguesía coruñesa. Lamentablemente, a súa infancia quedou marcada polo falecemento da súa nai e de todos os seus irmáns, quedando como fillo único e a cargo do seu pai dende moi novo.



Molde xeso da man de Marcial del Adalid.
Fonte: RAG

Dada a privilexiada posición da familia, Adalid recibiu unha ampla formación cultural e artística na que a música ocupou un lugar fundamental, mais como «arte de salón», trazo característico da educación burguesa. Comezou os estudos musicais na propia contorna familiar, como era habitual nas prácticas socioculturais e domésticas da época, feito incentivado pola prolixa biblioteca privada de partituras da que dispoñían. Xa máis próximo á idade adulta, na década de 1840, viaxou por Europa para instruírse en idiomas, cultura e costumes, co propósito de potenciar as súas relacións en sociedade e nos negocios. Deste período é de destacar que recibiu no eido musical orientacións de Indalecio Soriano Fuertes en Madrid e de Ignaz Moscheles en Londres.

Chamado polo seu pai a retornar para dedicarse aos negocios familiares, Adalid viu interrompida a súa formación musical, feito que, segundo expresaron os seus coetáneos, lle causou un gran pesar.



Fanny Garrido
Fonte: RAG

Asentado de novo na Coruña, Adalid implicouse activamente na vida cultural da cidade a través das sociedades instruto-recreativas, en calidade de socio e profesor de música da Sociedade Artística e Literaria, do Liceo Artístico e Literario e do Circo de Recreación. A prensa da época deixou testemuña do seu labor docente como mestre de piano, mais tamén do éxito e recoñecemento como compositor e pianista e director de orquestra en concerto.

A partir da década de 1850 e ata a fin dos seus días, Adalid acadou progresivamente unha maior notoriedade nos círculos artísticos da capital, figurando asiduamente o seu nome na prensa con motivo de publicacións de obras e estreas en concerto. Ademais, forxou dende entón consolidadas amizades cos tamén músicos Guelbenzu, Allú, Monasterio, Soriano Fuertes, Mariano Vázquez, Barbieri, o Conde Morphy, etc. E salientable é a súa conexión coa Sociedad de Conciertos e coa Sociedad de Cuartetos, nas que se interpretaron diversas obras da súa produción.



Fototipia de
Marcial del Adalid.
Fonte: RAG

Culmina o seu recoñecemento no panorama internacional especialmente en París, cidade que visitaría en varias ocasións. A capital francesa foi berce para a publicación de varias obras nos selos editoriais Richault e Flaxland, foi fonte de inspiración tamén para a composición de moitas das súas obras en distintos momentos da súa vida e foi lugar elixido para a estrea finalmente frustrada da súa ópera.



Cuberta de Cantares nuevos y viejos de Galicia.

Fonte: RAG



Retrato Marcial del Adalid

Fonte: RAG

Caracterizouse Adalid por unha vasta e actualizada cultura musical, coñecedor da obra de grandes mestres europeos coma Beethoven, Chopin, Liszt, Mendelssohn, Pleyel ou Rossini entre tantos outros. Foi creador, principalmente, de repertorio para piano só e melodía vocal acompañada, aínda que tamén fixo incursións nos xéneros sinfónico, camerístico, escénico e relixioso. O seu estilo compositivo evolucionou dunha liña puramente romántica na súa etapa de xuventude, a unha tendencia máis clásica na súa madurez. E destaca especialmente entre a súa produción un conxunto de obras inspiradas no folclore autóctono galego, que deron son á galeguidade nos salóns burgueses en forma de música “académica”:

Galicia. Marcha triunfal para piano solo, a colección de cancións *Cantares viejos y nuevos de Galicia*, a melodía *Mondariz*, a peza para piano só *Danse Galicienne*, a zarzuela *Pedro Madruga* despois convertida na ópera *Ynes è Bianca* e *Galicia. Marcha triunfal para Grande Orquesta*. Estas obras teñen especial relevancia e significación no contexto histórico do Rexurdimento e dos nacionalismos musicais, así como tamén a súa participación como xurado nos Xogos Florais de Galicia de 1861 e de 1880, que reflicten a súa inqueda pola cultura de Galicia. Así, a achega de Adalid á música galega foi recoñecida por numerosos autores, como Pardo Bazán, Rodríguez Mourelo, Felipe Pedrell, Ramón de Arana, Carlos Martínez Barbeito, Baltasar Saldoni, Varela Silvari ou o Marqués de Figueroa, que o destacaron entre os máis importantes músicos galegos xunto a Montes, Chané ou Baldomir.



María del Adalid.
Fonte: RAG

No eido persoal, cómpre salientar dúas datas de especial transcendencia. A primeira delas, o 16 de agosto de 1860, día no que Adalid contrae matrimonio na Capela-Oratorio do Palacio do Excmo. Señor Capitán Xeral (actual Pazo da Capitanía Xeneral da Coruña) coa literata galega Francisca Claudia Josefa Antonia González-Garrido y García (A Coruña, 30/10/1842-Madrid, 11/11/1917) -popularmente coñecida como Fanny Garrido-, baixo a bendición nupcial dos padriños, o militar Atanasio Alesón e Dolores Bonilla y Valdivia, en representación da realeza. Varias son as obras que reflicten o amor do músico pola súa esposa a comezos da década de 1860: *Bonheur du Ménage. Recueil de 3 romances (sans paroles)*, foi impreso coa dedicatoria “Composée et dédiées à sa femme bien aimée” e *La Pasionaria. Polka para piano*, vai encabezada por “A mi muy querida Fanny”. E tamén neste período firma *Romance sans paroles, Op. 8-9, n.º 4 Berceuse. Dulces recuerdos* coas palabras de agarimo para o seu pai político “À mon cher beau père le Docteur Garrido”. A segunda data a destacar é o 31 de maio de 1874, día do nacemento de María de los Dolores del Adalid (Madrid, 31/05/1874-A Coruña, 17/01/1930), única filla do matrimonio, quen tamén foi muller singular e de distinguida educación na súa época, formada na Escuela de Bellas Artes de San Fernando de Madrid e de traxectoria artística destacable pola súa participación en diversas exposicións pictóricas nacionais e internacionais.



Cuberta de Souvenir:
A Brilliant Waltz.
Fonte: RAG

Marcial del Adalid falece de forma prematura aos 55 anos de idade por enfermidade, o 16 de outubro de 1881, na “Granxa de Lóngora” –como así chamaba o músico o seu pazo en Oleiros–, lugar predilecto onde tan longas tempadas gozara durante a súa vida. A súa morte causaría gran consternación na sociedade, especialmente no mundo da cultura. Mostra do pesar xeneralizado foron a homenaxe póstuma en forma de procesión que encabezou o Liceo Brigantino aos poucos días do pasamento ou as numerosas necrolóxicas publicadas na prensa nacional: para Pedrell perdeuse unha “verdadera gloria de la patria”; para Víctor María Vázquez a morte levou consigo ao “más fecundo y original de los maestros gallegos”; e Martínez Velasco destacou que “el nombre de Adalid será un recuerdo imperecedero en los anales artísticos de la región de España que le vio nacer”.



Biblioteca de música de Marcial del Adalid.
Fonte: RAG



Javier Ares Espiño

(Ourense, 1979)

Doutor pola USC e catedrático de piano no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Comezou os seus estudos no Conservatorio de Betanzos, continuando no Conservatorio Superior de Música da Coruña baixo a dirección de Natalia Lamas. Posteriormente ampliou a súa formación no Centro Superior de Ensinanza Musical Katarina Gurska, recibindo clases de Alexander Kandelaki e Nino Kereselidze.

Desenvolve unha ampla actividade como concertista en diversas formacións de música de cámara e como solista destacan as súas actuacións coa orquestra Real Filharmonía de Galicia, coa Banda Municipal da Coruña, coa Banda Municipal de Santiago de Compostela, coa Banda Artística de Merza ou coa Orquestra Sinfónica de Ponferrada y del Bierzo, con directores como Maximino Zumalave, Javier Viceiro-Filgueira, Juan Miguel Romero Llopis, David Fiuza ou Manuel Alejandro.

A través do programa de doutorado “Música na España contemporánea” (UGR, UB, UNIOVI e USC) iniciou o seu labor como investigador baixo a dirección do Dr. Carlos Villanueva. En 2016 publicou unha monografía titulada *Carlos López García-Picos. Música a orillas del Atlántico*, co editada pola USC, a Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos. É membro da Irmandade da Música Galega e forma parte do Grupo Organistrum da USC, a través do que participou en varios proxectos I+D+i.



Jorge Briones Martínez

(A Coruña, 1976)

Comeza os seus estudos pianísticos no Conservatorio Superior de Música da súa cidade baixo a tutela de Natalia Lamas. Continúa a súa carreira pianística estudando no Conservatorio Superior de Música de Badajoz co profesor Alexander Kandelaki e baixo a súa dirección obtén o Título Superior de Piano con Matrícula de Honra e Premio Extraordinario Fin de Carreira. Máis tarde realiza estudos de posgrao traballando co pianista Alexander Kandelaki no Centro Superior de Enseñanza Musical Katarina Gurska. Completa a súa formación investigadora obtendo o título de Mestrado na UDC.

A súa experiencia concertística é ampla, actuando como solista en numerosos recitais de piano como os realizados na Aula de Cultura Esteban Sánchez (Badajoz), no Museo Pérez Comendador Leroux e no Festival Iberia (Hervás, Cáceres), no Teatro López de Ayala (Badajoz), ou no Festival de Música Are More (Vigo). Dentro da música de cámara caben destacar os recitais co tubista Pablo Fernández, co oboísta Diego Dini e co pianista Javier Ares, co Dúo Scaramouche.

Dende 1999 traballou nos conservatorios profesionais de Montijo, Almendralejo e A Coruña, e actualmente é catedrático de Repertorio con piano para instrumentos no Conservatorio Superior de Música da Coruña.

DATAS E LUGARES

Venres, 10 de abril

20.30 h

Teatro Jofre, Ferrol

Luns, 27 de abril

19.00 h

Conservatorio Profesional de Música,
As Pontes de García Rodríguez

Venres, 12 de xuño

20.30 h

Igrexa Santa María de Azogue, Betanzos

Sábado, 13 de xuño

20.30 h

Teatro de Beneficencia, Ortigueira

Sábado, 27 de xuño

20.30 h

Casa da Cultura, Vimianzo

*Entrada libre ata completar cabida.

Duración aproximada: 70 minutos con descanso

Andantino, Minuetto e Trio

Marcha fúnebre Op. 3

Sonata n.º 1

1. Allegro moderato
2. Scherzo capriccioso. Presto assai
3. Andante. Arietta
4. Rondo

[Descanso]

Tres Marchas

1. Marcha en do menor n.º 1
2. Moderato Marcha en mi maior n.º 2
3. Maestoso Marcha en re menor n.º 3.
Quasi allegro

Sonata n.º 2

1. Allegro brillante
2. Minuetto. Tempo comodo. Trio
3. Intermezzo cantabile.
Moderato ma non troppo
(Romance sans paroles)
4. Finale. Rondo gracioso

—

DÚO SCARAMOUCHE

Javier Ares Espiño, *piano*

Jorge Briones Martínez, *piano*

CICLO DE CONCERTOS

Homenaxe no bicentenario do seu nacemento

(A Coruña, 1826–Oleiros, 1881)

Organiza:



Deputación
DA CORUÑA



Colabora:



As Pontes de
García Rodríguez



Concello de
Batanzos



Concello de
Ortigueira



CONCELLO DE
VIMIANZO